

CONVENIO, MEDIANTE TRAMITACIÓN ANTICIPADA DE GASTO, ENTRE O INSTITUTO GALEGO DO CONSUMO E DA COMPETENCIA E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, NO EIDO DO DEREITO DE CONSUMO E A ARBITRAXE DE CONSUMO

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

REUNIDOS:

Dunha parte, José González Vázquez, presidente do Instituto Galego do Consumo e da Competencia (en diante, IGCC), de conformidade co establecido no artigo 9.1 dos estatutos do IGCC aprobados mediante Decreto 118/2016, do 4 de agosto, (DOG núm. 160, do 25 de agosto) que establece que a Presidencia corresponde ao titular da consellería de adscrición, sendo nomeado titular da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración polo Decreto 44/2024, do 14 de abril (DOG núm. 73, do 14 de abril) e no exercicio das facultades que lle confire o artigo 10.d dos estatutos do IGCC.

Doutra, Antonio López Díaz, reitor magnífico da Universidade de Santiago de Compostela nomeado mediante o Decreto 35/2022, do 17 de marzo (DOG núm. 56, do 22 de marzo) en representación desta, en virtude das facultades que lle confire a Lei Orgánica 2/2023, de 22 de marzo, do sistema universitario e o Decreto 14/2014, de 30 de xaneiro, por lo que se regulan os estatutos da Universidade de Santiago de Compostela.

EXPOÑEN:

Primeiro. O artigo 51 da Constitución Española reconece expresamente que os poderes públicos garantirán a defensa dos consumidores e usuarios, protexendo, mediante procedementos eficaces, a seguridade, a saúde e os lexítimos intereses económicos dos mesmos.

O artigo 30.1, parágrafo 4, do Estatuto de Autonomía lle atribúe á Comunidade Autónoma de Galicia a competencia exclusiva en materia de defensa do consumidor e do usuario, nos termos do disposto nos artigos 38, 131 y 149. 1. 11 y 13 da Constitución.

Dita competencia será levada a cabo polo Instituto Galego de Consumo segundo o establecido na disposición adicional segunda da Lei 2/2012, do 28 de marzo, galega de protección xeral das persoas consumidoras e usuarias e artigo 4.1.k) do decreto 118/2016, do 4 de agosto, polo que se crea o IGCC.



Segundo. O IGCC é un organismo autónomo adscrito organicamente á Consellería de Emprego, Comercio e Emigración que, de acordo co Decreto 118/2016, do 4 de agosto, polo que se crea o IGCC, desenvolve unha ampla gama de fins relativos á información, formación, promoción e, en definitiva, á protección das persoas consumidoras e usuarias, de acordo co establecido no Estatuto de Autonomía de Galicia e a disposición adicional segunda da Lei 2/2012, do 28 de marzo, de protección das persoas consumidoras e usuarias.

Terceiro. A USC é unha institución pública de educación superior con personalidade xurídica e patrimonio propio, que actúa en réxime de autonomía de acordo co artigo 27.10 da Constitución e a Lei Orgánica 2/2023, de 22 de marzo, del Sistema Universitario.

Cuarto. A USC, conforme aos seus Estatutos, ten entre as súas competencias xerais a investigación, a docencia e a transferencia de coñecemento. Estas funcións desenvólvense a través dos seus departamentos, centros docentes e institutos de investigación.

Quinto. No ámbito específico da defensa do consumidor, a USC ten competencias para formar profesionais especializados, realizar investigacións e colaborar con entidades públicas en materia de protección ao consumidor. A USC conta coa revista xurídica "Dereito", fundada en 1992, que aborda, entre outros, temas de dereito do consumo e está indexada en prestixiosas bases de datos nacionais e internacionais.

Sexto. A colaboración entre a USC e o IGCC xustifícase pola importancia de potenciar a formación, investigación e arbitraje no ámbito do dereito do consumo. O IGCC ten entre as súas funcións impulsar a formación da cidadanía como persoas consumidoras e usuarias, promover estudos sobre a problemática do consumo e potenciar a mediación e a arbitraje para a resolución de conflitos nesta materia. A USC, como institución de educación superior, pode contribuír significativamente a estas funcións mediante a formación de profesionais especializados, a realización de investigacións e a participación en foros de debate e propostas conxuntas.

Sétimo. Ambas as dúas entidades recoñecen a necesidade de establecer unha colaboración estreita para mellorar a protección dos dereitos dos consumidores e usuarios en Galicia, tal como establece o artigo 51 da Constitución Española e desenvolve a Lei 2/2012, do 28 de marzo, galega de protección xeral das persoas consumidoras e usuarias

Oitavo. IGCC e a USC son conscientes da importancia e necesidade da implicación do mundo universitario, expoñente do mundo do coñecemento, coa aplicación práctica do dereito de consumo dentro das súas diferentes vertentes, especialmente polas autoridades e administracións de consumo, así como a de establecer foros de debate e propostas para o cumprimento da defensa dos consumidores e usuarios prevista na Constitución española de 1978, e facilitar a investigación en materia do dereito de consumo.



Por elo, considérase que estes fins poden instrumentarse a través de diferentes formas de colaboración entre a USC e o IGCC.

Noveno. A colaboración entre o IGCC e a USC xa se ven articulando, dende o ano 2002, por medio de convenios de colaboración, ao entender que estes constitúen o instrumento máis idóneo para potenciar e acadar aquelas finalidades de vinculación do mundo universitario á administración de consumo, e viceversa.

Décimo. A partida orzamentaria con cargo á que se financiará a realización da actividade, a 14.80.613A.640.1, a presenza dunha confluencia de intereses comúns para a realización dunha actividade, e a ausencia dun ánimo de obtención de beneficio industrial ou mercantil fan que se diferencie tanto dos contratos públicos como das subvencións. Non obstante debe responder aos principios que inspiran ambas figuras.

Así, non é posible promover a concorrència pública pola especificidade institucional, sendo a USC unha das tres únicas universidades públicas de Galicia, e a única que conta cunha Facultade de Dereito con máis de 350 anos de historia e unha traxectoria consolidada en investigación e docencia no ámbito do Dereito do Consumo. Asemade, existe unha singularidade da colaboración, pois o obxecto do convenio require unha colaboración estreita e continuada entre o IGCC e a USC, que vai máis alá da mera prestación de servizos ou da concesión dunha axuda económica

Por outro lado as competencias e funcións do IGCC e da USC son complementarias e non competitivas, o que fai que a colaboración entre ambas entidades sexa especialmente idónea para acadar os obxectivos propostos.

Décimo primeiro. A natureza da colaboración e os seus obxectivos responden directamente ao interese público de mellorar a protección dos consumidores en Galicia, o que xustifica a elección dunha fórmula de colaboración directa.

Décimo segundo. A Orde da Consellería de Economía do 11 de febreiro de 1998 pola que se regula a tramitación anticipada dos expedientes de gasto (DOG núm. 34, do 19 de febreiro), modificada pola Orde do 27 de novembro de 2000 (DOG núm. 231, do 29 de novembro) e pola Orde do 25 de outubro de 2001 (DOG núm. 209, do 29 de outubro), posibilita a tramitación anticipada dos expedientes de gasto imputables ao capítulo VI no exercicio inmediatamente anterior ao dos orzamentos con cargo aos cales se vaian imputar os correspondentes gastos, sempre que exista crédito adecuado e suficiente no proxecto de Lei de orzamentos xerais para o ano 2026 aprobado polo Consello da Xunta de Galicia extraordinario do día 17 de outubro de 2025.

De acordo co disposto no artigo 3.1 da Orde da Consellería de Economía e Facenda do 11 de febreiro de 1998, a tramitación anticipada poderá chegar como máximo ata o momento anterior ao da disposición ou compromiso de gasto. Así mesmo, segundo



o establecido no artigo 5 da devandita orde, todos os actos de trámite ditados en desenvolvemento desta resolución enténdense condicionados a que, unha vez aprobada a Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026, subsistan as mesmas circunstancias de feito e de dereito existentes no momento da súa produción.

Con este fin, no proxecto de Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026 existe, na aplicación 14.80.613A.640.1, partida orzamentaria consignada pola contía de 30.000€ para atender ao gasto do presente convenio.

De acordo co exposto, ambas partes asinan o presente convenio coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. Obxecto

O presente convenio ten por obxecto establecer as condicións e compromisos entre o IGCC e a USC, co fin de potenciar a implicación de ambas entidades para facilitar o estudo e investigación no eido do Dereito de Consumo, establecer foros de debate e propostas conxuntas e facilitar a formación práctica no dereito do consumo.

SEGUNDA. Compromisos do IGCC

O IGCC facilitará unha formación práctica no dereito do consumo, que incluírá a participación do persoal ao servizo da universidade no sistema da arbitrase de consumo.

Esta participación no sistema arbitral de consumo permitirá ao persoal ao servizo da universidade, con plena garantía dos dereitos dos consumidores, o estudo, recompilación, análise de laudos arbitrais, así como do funcionamento, en xeral, do sistema arbitral e as formas de protección dos dereitos dos consumidores polo IGCC, sen que, en ningún caso, poidan realizar traballos para o instituto.

O IGCC facilitará a participación deste persoal en actividades formativas e de divulgación organizadas e dirixidas polo IGCC.

Nas publicacións ou documentos divulgativos elaborados en virtude deste convenio constará a identificación como co-elaboradoras das dúas entidades.

TERCEIRA. Compromisos da Universidade

A USC comprométese a designar para a execución do obxecto deste convenio, e de acordo co IGCC, ata dúas persoas ao servizo da universidade que deberán estar en posesión do título de licenciado/a ou grao en dereito e que, preferiblemente, estean



realizando estudos ou investigacións no eido do dereito de consumo ou teñan especial interese nesta materia.

Para a formación práctica obxecto deste convenio o persoal designado pola Universidade participará activamente no sistema de arbitraje de consumo, conforme ao establecido na cláusula cuarta deste convenio, e realizará labores de asesoramento e colaboración en materias relativas á protección dos consumidores.

Ademais, a Universidade realizará un mínimo dunha xornada ou seminario sobre as temáticas que, relacionadas co Dereito de Consumo, se determinen conxuntamente co IGCC, valorando a necesidade ou interese da temática en cada momento e poñendo de manifesto a actividade levada a cabo no sistema de arbitraje polo persoal ao servizo da USC que participe neste convenio e en base ao obxecto do mesmo.

Previo acordo das partes, estas xornadas ou seminarios poderán substituírse pola realización de cursos monográficos de duración equivalente.

Nestas actividades reservarase un mínimo de 10 prazas con carácter gratuíto para as persoas que designe o IGCC.

CUARTA. Participación no sistema de arbitraje de consumo da USC

A formación práctica no dereito do consumo require necesariamente da participación no sistema de arbitraje de consumo, por configurarse este como un dos eixos fundamentais nesta materia.

O sistema arbitral de Consumo está na actualidade regulado polo Real Decreto 713/2024, do 23 de xullo, polo que se aproba o Regulamento que regula o Sistema Arbitral de Consumo.

Así, forman parte deste sistema tanto as xuntas arbitrais de Consumo (en Galicia existe unha única Xunta Arbitral de Consumo) coma os órganos arbitrais, correspondendo a estes últimos a decisión ou resolución dos litixios presentados ante as xuntas arbitrais. Así, unha vez admitida unha solicitude de arbitraje, a Xunta Arbitral acordará o inicio do procedemento arbitral e procederá á designación do órgano arbitral que coñecerá dese litixio en concreto.

Os órganos arbitrais poden ser de carácter unipersoal ou colexiado, integrados neste último caso por tres árbitros propostos cada un respectivamente pola administración pública, polas asociacións de consumidores e usuarios e polas organizacións empresariais, correspondendo a presidencia ao árbitro proposto pola administración pública.

En todo caso, a planificación e convocatoria das audiencias arbitrais corresponde á Xunta Arbitral de Consumo de Galicia.



A participación da USC comprenderá, por unha parte, o estudo e recompilación de documentación, estudo e análise de laudos arbitrais, correspondéndolle ao IGCC a coordinación das tarefas arbitrais e a formación do persoal universitario neste eido.

Por outra parte, e unha vez recibida unha formación básica a través da asistencia a diversas audiencias arbitrais para coñecer o funcionamento dos órganos arbitrais e as fundamentacións dos laudos que diten os mesmos na controversia para a que foron designados, o persoal da USC designado para o desenvolvemento deste convenio poderá actuar como árbitro en representación da administración, sempre baixo a supervisión do persoal do IGCC.

QUINTA. Condicións económicas

O IGCC, achegará á USC, a cantidade total de 30.000,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 14.80.613A.640.1 que figura dotada no orzamento de gastos do IGCC para 2026. A dita cantidade supón a achega máxima do IGCC aos gastos da actividade. No anexo II deste convenio establécese unha previsión dos gastos totais das actividades obxecto do convenio.

No anexo III establececese a previsión dos importes máximos autorizados (ata un máximo de 30.000 euros) para cada gasto da actividade relativos á achega do IGCC

Poderán admitirse desviacións na imputación de cantidades aos distintos conceptos de gasto nunha contía de ata un $\pm 10\%$ do importe asignado a cada un dos ditos conceptos e compensarse entre sí as partidas nesas desviacións.

No anexo III figura, así mesmo, a desagregación de conceptos, importes e porcentaxes de imputación dos gastos da actividade, asumidos polo IGCC no convenio.

Faise constar que esta achega do IGCC supón unha compensación dos gastos reais (33.937 euros) nos que incorre a USC con motivo deste convenio e supón 88,40 % (30.000 euros) dos gastos reais do mesmo , sendo por conta da USC o 11,60% restante (3.937 euros).

Non obstante, cabe sinalar que este procedemento tramitase en base á Orde da Consellería de Economía do 11 de febreiro de 1998 pola que se regula a tramitación anticipada dos expedientes de gasto (DOG núm. 34, do 19 de febreiro), modificada pola Orde do 27 de novembro de 2000 (DOG núm. 231, do 29 de novembro) e pola Orde do 25 de outubro de 2001 (DOG núm. 209, do 29 de outubro), posibilita a tramitación anticipada dos expedientes de gasto imputables ao capítulo VI no exercicio inmediatamente anterior ao dos orzamentos con cargo aos cales se vaian imputar os correspondentes gastos, sempre que exista crédito adecuado e suficiente no proxecto de Lei de orzamentos xerais para o ano 2026 aprobado polo Consello da Xunta de Galicia do día 17 de outubro de 2025.



De acordo co disposto no artigo 3.1 da Orde da Consellería de Economía e Facenda do 11 de febreiro de 1998, a tramitación anticipada poderá chegar como máximo ata o momento anterior ao da disposición ou compromiso de gasto. Así mesmo, segundo o establecido no artigo 5 da devandita orde, todos os actos de trámite ditados en desenvolvemento desta resolución enténdense condicionados a que, unha vez aprobada a Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026, subsistan as mesmas circunstancias de feito e de dereito existentes no momento da súa produción.

Con este fin, faise constar que no proxecto de Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026, existe a devandita aplicación 14.80.613A.640.1, partida orzamentaria consignada pola contía de 30.000€ para atender os gastos do presente convenio.

SEXTA. Forma de libramento e xustificación das actuacións

Antes do día 24 de novembro do ano 2026 deberá a Universidade xustificar as actividades obxecto do convenio con:

- Unha memoria-informe onde se sinalen as actuacións comprometidas e realizadas pola Universidade.
- Unha nota ou xustificante de cargo pola contía que recibe do IGCC onde figure o NIF das dúas entidades e o concepto.
- Unha memoria económica, realizada pola USC, onde se relacionen os gastos que se imputan á xustificación.

Ditas actividades deberán xustificar o 100% dos gastos reais da actividade conxunta. Unha vez recibida dita xustificación procederase ao pagamento do 88,4% dos gastos que xustifique a USC cun máximo para o IGCC de 30.000 euros, previa certificación de conformidade do IGCC en relación co cumprimento do convenio.

Para a xustificación do convenio poderán terse en conta xustificantes de gastos devindicados correspondentes ao período de vixencia do convenio que á data de xustificación do mesmo aínda non foran efectivamente pagados, sempre e cando se refiran ós gastos de cotas patronais e obreiras de Seguridade Social e os relacionados con obrigas tributarias concernentes ao IRPF.

No caso de detectarse deficiencias na execución do convenio, deberase levar a cabo unha redución proporcional na achega feita polo IGCC , fundamentalmente cando se trate de incumprimentos por parte da USC.



SÉTIMA. Coordinación das actuacións

As actividades da USC realizarase baixo a coordinación de D. Javier Lete Achirica a través do grupo de investigación GI- 1147 “De conflictu legum”, e polos correspondentes representantes do IGCC.

OITAVA. Comisión de seguimento

1. Para a valoración global do grao de cumprimento do Convenio, créase unha Comisión paritaria de seguimento formada por dous representantes de cada entidade, sendo presidida por un dos representantes do IGCC.

Integrarán dita comisión:

-Por parte do IGCC:

- A persoa titular do Servizo de Protección ao Consumidor.
- A persoa titular do Servizo de Información, cooperación e fomento.

-Por parte da USC:

- A persoa titular da Vicerreitoría de Política Científica, ou persoa en quen delegue.
- O Profesor Javier Lete Achirica, Profesor Titular do Departamento de Dereito Común.

2. As funcións da comisión serán:

- a) Facilitar a coordinación entre as partes asinantes.
- b) Seguimento da execución do obxecto do convenio e do cumprimento das súas cláusulas.
- c) Interpretación do convenio e resolución de dúbidas.
- d) Proposta, de ser o caso, de addendas.

3. A actuación da comisión de seguimento axustarase ao establecido nos preceptos básicos da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e na Lei 16/2010, de 17 decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

NOVENA. Relacións entre o persoal e o IGCC

A subscrición do presente Convenio non leva consigo relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre o persoal ao servizo da Universidade e o IGCC, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin indirecta ou subsidiaria polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do mesmo.



DÉCIMA. Vixencia

O período de vixencia do presente convenio comezará o día da súa sinatura e estenderase ata o 30 de novembro de 2026 .Todo isto sen prexuízo da posibilidade, por acordo das partes, de prorrogar expresamente o dito prazo por períodos de duración anual, previo cumprimento dos trámites orzamentarios.

De conformidade co disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

DÉCIMO PRIMEIRA. Causas de resolución e extinción

1.Son causas de resolución do presente convenio:

- O acordo unánime de todos os asinantes.
- O incumprimento das obrigacións e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.
- Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

2.Os efectos da resolución do convenio serán os establecidos no artigo 52 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

3. Este convenio extinguirase polo cumprimento total das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

DÉCIMO SEGUNDA. Natureza , réxime xurídico e resolución de conflitos

1. Este convenio ten natureza administrativa de conformidade coa Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e queda excluído do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, en virtude do establecido nos seus artigos 4 e 6, sen prexuízo da aplicación dos principios do devandito texto legal para resolver as dúbidas e lagoas que puideran presentarse.



2. Rexerase polas súas propias cláusulas e está suxeito ao disposto no Acordo da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares publicado mediante a resolución da Consellería de Economía e Facenda do 8 de abril de 1991 (DOG nº 82, do 30 de abril), así como ao disposto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

3. As discrepancias que xurdan pola aplicación deste convenio serán resoltas, logo do informe ou proposta da comisión de seguimento, polo IGCC, quedando as partes suxeitas á xurisdición contencioso-administrativa para a resolución de calquera conflito que puidese xurdir na súa aplicación.

DÉCIMO TERCEIRA. Publicidade e inscrición en rexistros

1.O convenio será obxecto de publicidade e inscrición de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

2.A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten no convenio, e o resto de especificacións contidas nel, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (DOG núm. 30 do 15 de febreiro) e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia (OG núm. 149 do 3 de agosto).

DÉCIMO CUARTA. Protección de datos de carácter persoal.

Calquera transmisión de información quedará limitada pola Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, polo Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE, así como polo respecto ao dereito de confidencialidade cara terceiros.

A USC na medida en que a través do seu persoal terá acceso aos expedientes nos que figuran datos persoais, terá a consideración de encargado do tratamento. Polo tanto , en virtude da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais establece que :

- Todo persoal ao servizo da USC que forme parte deste convenio nas dependencias do IGCC asinará un compromiso de confidencialidade (anexo I).





- Queda expresamente prohibido que os expedientes tratados saian das instalacións do IGCC .
- A información tratada por dito persoal terá a consideración de reservada quedando prohibido calquera conducta ou actitude que poida levar consigo a súa revelación ou facilitar o seu coñecemento a terceiros non autorizados.
- Unha vez rematado o convenio, todos os datos de carácter persoal serán destruídos ou devoltos ao IGCC , ao igual que calquera soporte ou documento no que conste algún dato de carácter persoal.

Este convenio obriga ao cumprimento do expresamente pactado, someténdose ambas dúas partes ao acordado en todas as estipulacións, e como proba de conformidade subscríbese, por duplicado exemplar, no lugar e data arriba indicados.

O PRESIDENTE DO IGCC

REITOR MAGNÍFICO DA USC

José González Vázquez
(Asinado dixitalmente)

Antonio López Díaz
(Asinado dixitalmente)



ANEXO I

Compromiso de confidencialidade

D/D^a con maior de idade, con DNI....., en condición de persoal ao servizo da USC en virtude do **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O IGCC E A USC, NO EIDO DO DEREITO DE CONSUMO E A ARBITRAXE DE CONSUMO**, pola presente comprométese e obriga a gardar absoluta confidencialidade sobre todos os datos e información de calquera clase ou tipoloxía, en especial os de carácter persoal, e incluíndo os estatísticos ou de natureza análoga, que coñeza ou ós que teña acceso de xeito directo ou indirecto como consecuencia das actividades que teña levar a cabo en virtude de dito convenio, calquera que sexa ou fose a forma de acceso a tales datos ou información e no soporte no que consten, quedando absolutamente prohibido sen a previa autorización do IGCC, e que o será exclusivamente para a finalidade que se recolla en dita autorización, de obter copias ou a utilización da dita información e datos para calquera finalidade incluso a través e/ou a favor de terceiras persoas entidades ou organismos e con independencia de que iso supoña beneficio directo ou indirecto para calquera persoa. Ás obrigas anteriores serán extensibles incluso á comunicación ou difusión por calquera forma da mera existencia dos indicados datos ou informacións.

O acceso e tratamento de datos e información indicada anteriormente como consecuencia da relación establecida co IGCC, realizarase exclusivamente de acordo ás finalidades previstas no convenio, subsistindo o deber de secreto e confidencialidade, aínda despois de que finalice dita relación e sendo responsable e asumindo todas as consecuencias que deriven do incumprimento de todo o anterior, en especial as que teña que asumir o Instituto Galego de Consumo e da Competencia de xeito directo, indirecto ou subsidiaria como consecuencia do incumprimento das obrigas establecidas neste documento; todo isto sen prexuízo das responsabilidades persoais en que poida incurrir de carácter civil, penal, administrativo ou de calquera outro tipo.

Nome e apelidos:

DNI:

Sinatura do interesado



ANEXO II

MEMORIA ECONÓMICA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O IGCC E A USC (FACULTADE DE DEREITO) NO EIDO DO DEREITO DE CONSUMO

O presente convenio ten por obxecto a colaboración entre o IGCC e a USC no ano 2026, co fin de potenciar a implicación de ambas entidades para facilitar o estudo e investigación no eido do Dereito de Consumo, a participación de membros da universidade na arbitrase de consumo e establecer foros de debate e proposta conxuntos.

O IGCC, achegará á USC, a cantidade total de 30.000,00 €, con cargo á aplicación orzamentaria 14.80.613A.640.1 que figura dotada no orzamento de gastos do IGCC para 2026. Dita cantidade supón a achega máxima do IGCC aos gastos da actividade.

Faise constar que esta achega do IGCC supón unha compensación dos gastos reais nos que incorra Universidade con motivo deste convenio e que supón o 88,40 % dos gastos reais, sendo por conta da Universidade o 11,60% restante

Neste anexo II establécese unha previsión dos gastos das actividades obxecto do convenio, desagregada por conceptos que se estima para as actividades obxecto:

Gastos do persoal	17.300 euros
Gastos bibliográficos	1.400 euros
Material informático e de oficina.....	712 euros
Celebración xornadas/seminarios.....	4.450 euros
Gastos estadias investigación.....	2.000 euros
Costes persoal propio.....	3.937 euros
Costes indirectos de la USC con motivo do convenio.....	4.138 euros
TOTAL.....	33.937 EUROS

De dita cantidade o IGCC contribuirá, como compensación dos gastos nos que incorra Universidade con motivo da actividade de convenio, a asumir o 88,40% dos gastos reais que se produzan cun máximo de 30.000 euros.





ANEXO III
DESGLOSE DOS GASTOS IMPUTABLES AO CONVENIO NA PARTE ASUMIDA POLO IGCC (30.000 euros)

CADRO ORZAMENTO DESAGREGADO . CADRO GASTOS FUNCIONAMENTO EXCEPTO PERSOAL

TIPOLOXIA GASTO	GASTO TOTAL ACTIVIDADES	% IMPUTACION DO CONVENIO	GASTO MAXIMO AUTORIZADO IMPUTABLE AO CONVENIO
GASTOS BIBLIOGRÁFICOS	1.400	100%	1.400
MATERIAL INFORMÁTICO Y OFICINA	712	100%	712
CELEBRACIÓN XORNADAS	4.450	100%	4.450
GASTOS ESTADIAS INVEST.	2.000	100%	2.000
GASTOS INDIRECTOS	4.138	100%	4.138
TOTAL	12.700	100%	12.700

CADRO ORZAMENTO DESAGREGADO . CADRO PERSOAL

CATEGORIA	SALARIO BRUTO MENSUAL	COTA PATRONAL MENSUAL	CUSTE TOTAL MENSUAL	% IMPUTACION ao IGCC do total do custo	IMPORTE IMPUTADO MENSUAL	Nº MESES	TOTAL
TECNICO SUPERIOR LIC DEREITO	1.532	630,50	2.162,50	100%	2.162,50	8	17.300
TOTAL GASTO FUNCIONAMENTO							12.700
TOTAL GASTOS PERSOAL							17.300
TOTAL APORTACION IGCC AL CONVENIO							30.000